

**Acta núm. 7/2023.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 6 de xuño de 2023.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

María Rosa Romero Fariña.

Carlos Noya Pereira.

José Luis Sampedro Bouzas.

Non asiste: Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 6 de xuño de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde en funcións Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 6/2023, DO 09.05.2023.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 4º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 5º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 6º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 7º) MODIFICACIÓN DE PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN DE VERÁN DO ANO 2023.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 6/2023, DO 09.05.2023.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 09.05.2023, acta núm. 06/2023.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URBANIZACIÓN MONTE BALADO BLOQUE 11, na que comunica que vai realizar obras para mellorar a impermeabilización da terraza anexa á vivenda da Urbanización Monte Balado 5, baixo B, Os Ánxeles.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 88,65 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 153,22 euros

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROGELIO PEGO VILAS, na que comunica que vai reparar o aleiro da vivenda de Bastavaliños 27, Bastavales, poñendo peza de pedra de 2 cms. de espesor e posterior encintado da mesma.

A parcela (referencia catastral 7518123NH2471N0001IS) emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1), e sitúase na aldea Bastavaliños que está integrada no catálogo de bens de interese cultural identificada coa clave: XBE-1, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal. A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 116,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 180,57 euros

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL FREIRE PÉREZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda de Pazos 12, Ons:

.- Reparar parte da cuberta da vivenda, colocando tella cerámica sobre as pranchas de fibrocemento.

.- Limpeza e encintado da fachada principal.

A parcela (referencia catastral 1493801NH2419S0001IJ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, para as áreas consolidadas pola edificación da zona oeste (NRO-1), e sitúase na aldea de Pazos, que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: OE2, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 36,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 100,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA MERCEDES VILLAR CAJUSO, na que comunica que vai substituír a balastrada de madeira que coroa o muro de pedra da vivenda de Vilar 10, Viceso, por outra de pedra.

A parcela (referencia catastral 1454402NH2415S0001RK) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona oeste, para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1), e sitúase na aldea de Vilar, que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: VE5, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal. Tamén se atopa dentro da zona de protección da estrada provincial DP/1301.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante o Servizo de Vías e Obras, da Deputación Provincial da Coruña e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche non poderá superar a altura actual de 1,80 m.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 18,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 82,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PABLO DAFONTE VÁZQUEZ, na que comunica que vai limpar e pintar a fachada principal e posterior da vivenda da Urbanización Agro Novo 124, Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 6446902NH2464N0016UW) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 71,48 euros.

Total: 71,48 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN ANTONIO LEIS FORJÁN, na que comunica que vai limpar as fachadas e os canalóns da cuberta do edificio da Avda. Santa Minia 83, Brión.

A edificación (referencia catastral 6362501NH2466S0001TO) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1, e atópase dentro da zona de protección da Carballeira de Santa Minia, identificada coa clave: BE7, así como dunha serie de elementos catalogados que se implantan na Carballeira e o seu contorno inmediato (Santuario de Santa Minia, vello palco de música, fonte de mercurio e a vivenda de 1883), e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMÓN PÉREZ PICALLO, na que comunica que vai construír un porche na parte dianteira da vivenda de Gundín 7, Os Ánxeles. O porche terá unhas dimensións de 8,80 m. de fronte x 2,40 m. de fondo, a estrutura da cuberta en madeira, cubrición de tella cerámica e soportes a base de pilares de pedra granítica.

A parcela (referencia catastral 5140301NH2454S0001SJ) atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1 para áreas consolidadas pola edificación e sitúase dentro da zona de afección da estrada autonómica AC-543.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (expediente nº IF204A/AC/2022/1526, do 14/03/2023) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A obra deberá axustarse ás condicións impostas na autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (expediente nº IF204A/AC/2022/1526, do 14/03/2023).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 104,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 169,17 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DORA GÓMEZ GARCÍA, na que comunica que vai facer as seguintes obras en Lamiño 13, Brión:

.- Construción dunha soleira de formigón en todo o perímetro da vivenda de 2 metros de ancho aproximadamente.

.- Derribo dun pequeno caseto de 4 m², anexo á vivenda.

A parcela (referencia catastral 6762804NH2466S0001SO) atópase dentro dun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo urbano (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 80,57 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARLOS PARDO RODRÍGUEZ, na que comunica que vai cambiar a ventá do salón e tres ventás tipo velux, da vivenda da Urbanización Río Pego 8, 2ºD, Os Ánxeles.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia o 22.05.2023) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 90,58 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 155,15 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL PILAR BLANCO CASAL, na que comunica que vai facer obras de limpeza e encintado da cara exterior do muro de pedra, de 25 metros de lonxitude, con fronte ao camiño da aldea, en Vidaloiso 9, Bastavales.

A parcela (referencia catastral 8817507NH2481N0001PH) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1), e sitúase dentro dunha aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural, identificada coa clave: XBE5.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 2,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 66,57 euros.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA GRACIELA PÉREZ BARBAZÁN, na que comunica que vai realizar obras de reforma do local da Avd. de Noia 30, planta baixa, Os

Ánxeles, para adaptalo a academia de clases particulares (3 aulas), segundo memoria redactada polo enxeñeiro técnico industrial Roberto Ozores Nine, asinda o 17.04.2023.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, informando á interesada que logo de rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa para o inicio da actividade, debendo achegar a seguinte documentación:

a) Documento acreditativo do final da obra (certificado final de obra asinado polo autor do proxecto de acondicionamento).

b) Certificado emitido por empresa homologada do cumprimento das condicións acústicas establecidas no Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

c) Informe favorable da empresa concesionaria dos servizos municipais de abastecemento de auga e saneamento.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 210,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 274,57 euros.

TERCEIRO.- RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ VERDUGA, na que comunica ao Concello a renuncia á licenza de obra maior concedida pola Xunta de Goberno Local do 16.11.2021, para ampliar a explotación gandeira (vacún de leite) no lugar de Vioxo de Arriba, Luaña, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan M. Hermida Vázquez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas o 15.04.2020 e anexo visado o 05.10.2020.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal no que sinala que as obras non foron executadas, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 16.11.2021.

2º) Anular a liquidación aprobada do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) devengado neste expediente, por importe de: 553,43 euros.

3º) Manter a liquidación aprobada da taxa de tramitación de licenzas urbanísticas por importe de: 96,03 euros.

4º) Notificar o presente acordo á interesada.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico de 5,5 kw á vivenda de Beca 34, Bastavales (referencia catastral 9808815NH2490N0001RE). Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabiá de 4 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, o 17.04.2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista da comunicación de declaración responsable de Augas de Galicia, de data 22.05.2023 (expediente DH.W15.92735) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 73,04 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 14,61 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 79,18 euros.

QUINTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de JAVIER SEOANE LIÑARES e MÓNICA PAMPÍN ANGUEIRA, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Sabaxáns 92, Bastavales, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25.04.2023 (expediente número 2302161).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 15013B503335970000MP) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto de execución redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25.04.2023 (expediente número 2302161).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (superficie de cesión recollida na licenza de segregación outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 20.11.2018), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (beirarrúa de 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cms. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a vivenda non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a

construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.006,99 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.103,02 euros.

SEXTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ALFONSO CHAVES VÁZQUEZ, na que solicita licenza de segregación segundo o proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) con data 04.05.2023 (visado nº CO-20230441).

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 6622820NH2462S.

Superficie (segundo medición recente): 1.765 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1).

Lindes:

Norte: Manuel Lousado Chaves e outros (433).

Sur: Antonio Chaves Vázquez (431).

Leste: zona excluída.

Oeste: camiño de concentración parcelaria.

Segregación pretendida:

Parcela número 20.

Superficie bruta: 992 m²

Superficie de cesión: 52 m² (a 4 metros do eixe do vial)

Superficie neta: 940 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: finca número 20-1, procedente desta segregación.

Sur: Antonio Chaves Vázquez (431).

Leste: zona excluída.

Oeste: camiño de concentración parcelaria.

Parcela número 20-1.

Superficie bruta: 773 m²

Superficie de cesión: 26 m² (a 4 metros do eixe do vial)

Superficie neta: 747 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: Manuel Lousado Chaves e outros (433).

Sur: finca número 20, procedente desta segregación.

Leste: zona excluída.

Oeste: camiño de concentración parcelaria.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 78 m² ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros

SÉTIMO.- MODIFICACIÓN DE PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN DE VERÁN DO ANO 2023.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 09.05.2023 acordou establecer o prezo público pola asistencia ás actividades de conciliación de verán do ano 2023, de acordo coa seguinte tarifa e segundo informe do técnico de cultura do 08.05.2023:

.- Prezo público por participante por quincena 35,00 €

Con data 25.05.2023, o técnico de cultura emitiu informe de modificación de prezo público pola asistencia ás actividades de conciliación, baseándose en motivos de interese social, para conseguir unha maior participación nestas actividades, e propoñendo as seguintes tarifas:

.- Prezo público por participante por quincena 35,00 €

.- Prezo público segundo irmán por quincena..... 17,50 €

.- Prezo público terceiro irmán e seguintes por quincena..... 0,00 €

Visto o informe de intervención do 26.05.2023.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Modificar o prezo público pola asistencia ás actividades de conciliación de verán do ano 2023, de acordo coas seguintes tarifas:

.- Prezo público por participante por quincena 35,00 €

.- Prezo público segundo irmán por quincena..... 17,50 €

.- Prezo público terceiro irmán e seguintes por quincena..... 0,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde en funcións
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González